

**"ALDEA DE VERÁN 2020"**

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA**

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (NAI/PAI/TITOR/A):**

Nome e Apelidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Con domicilio en \_\_\_\_\_

como nai, pai ou titor/a \_\_\_\_\_

En relación coa participación na "Aldea de verán 2020" e tendo en conta as disposicións aplicables:

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE:**

- Declaro que a persoa interesada cumpre cos requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e de consentimento informado, non sendo grupo de risco non convivindo con ninguén que o sexa.
- Comprométome a informar diariamente o estado de saúde e en caso de ausencia da persoa interesa mediante chamada telefónica ou mensaxe. Asemade, comprométese a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado á COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DAS MEDIDAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19:**

- Lin e acepto os compromisos e medidas persoais de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade, recollidas no Plan de acción e continxencia durante a pandemia da Covid-19 para as actividades infantís e xuvenís do Concello de San Sadurniño.

**DECLARACIÓN DE QUE LIN E ACEPTO A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19 :**

- Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade á COVID-19 da entidade responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Declaro que recibín e lin o protocolo de actuación fronte a aparición de persoas con sintomatoloxía, recollidas no Plan de acción e continxencia durante a pandemia da Covid-19 para as actividades infantís e xuvenís do Concello de San Sadurniño.

### CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19:

- Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Baixo a miña responsabilidade todos os datos sinalados nesta ficha son certos.

San Sadurniño , \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020.

Sinatura da persoa solicitante:

*De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle que o responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo en O CASAL, 16, 15560, SAN SADURNIÑO (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do dito servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse, retirar o consentimento ou solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para isto, o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [correo@sansadurnino.gal](mailto:correo@sansadurnino.gal).*